



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 07/2010

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
<u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.	No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do día vintenove de xullo de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D ^a M ^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.
<u>CONCELLEIROS</u> D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D ^a Ana A. Incera Ares. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D ^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
<u>SECRETARIA</u> D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24-06-10.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 24 de xuño de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- DEFENSA DA OFERTA EDUCATIVA NOS CENTROS DE ENSINO DA MARIÑA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a defensa da oferta educativa nos centros de ensino da Mariña.

A continuación toma a palabra o portavoz do PP, que manifesta que o seu grupo vai



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

manter a posición do falado na Comisión Informativa, que está de acordo cos tres primeiros puntos do acordo, pero non co cuarto, polo que si se retira o apartado cuarto vota a favor, se non non.

O portavoz do BNG intervéñen para manifestar que o seu grupo está de acordo en tódolos puntos e respecto ao de incluírse o da plataforma ou non, se é para apoiar isto o seu grupo apoia á plataforma.

O Sr. Alcalde expresa que o seu grupo tamén votará a favor, coma na Comisión Informativa.

Non habendo mais intervencións, se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a que manteña a oferta educativa nos ciclos formativos e na educación permanente de adultos nos centros de ensino da Comarca da Mariña para o curso 2010-11.

Segundo.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a que manteña o número mínimo para a continuidade dos ciclos formativos de 6 alumnos/as.

Terceiro.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galiza a que amplíe o prazo de matrícula para os ciclos formativos ata o mes de setembro co fin de darlle a posibilidade de matricularse a aquel alumnado de bacharelato que esgote as probas extraordinarias de setembro ou que non supere as probas de Selectividade.

Cuarto.- Adherirse e apoiar á Plataforma en Defensa do Ensino Público da Mariña en todas as accións que leve a cabo pola mellora da oferta educativa na nosa Comarca.

3.- INTERPRETACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-

En primeiro lugar, e dado que o asunto non estaba ditaminado pola Comisión Informativa, procédese á votación da urxencia da inclusión do mesmo na orde do día, resultando aprobada por unanimidade.

Dáse conta da Proposta de Alcaldía.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que o seu grupo, coma entende que é unha proposta se vai a abster, sen embargo entenden que o que propón o alcalde é o normal.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo se vai a abster.

A continuación se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 7 (4 PP e 3 BNG).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Interpretar o acordo de aprobación da RPT nos aspectos que se citan como segue:

- 1) Pese a equiparación da estrutura retributiva do persoal laboral ao persoal funcionario, considerar plenamente aplicable a retribución da antigüidade a través de bienios segundo o convenio colectivo en vigor para o persoal laboral.
- 2) Na medida en que o complemento persoal transitorio establecido para algúns postos tiña coma finalidade "non proceder á perda de emolumentos polo persoal afectado", entender que este terá a mesma consideración que o complemento específico a todos os efectos.
- 3) Para levar á práctica as consecuencias económicas da RPT de maneira progresiva, determinarase o importe de partida para aplicar os sucesivos incrementos anuais, detraendo do complemento específico o importe da diferenza entre as retribucións actuais de cada posto e as resultantes da RPT, e se non abundase con este complemento se detraerá do resultado de realizar a mesma operación no complemento de destino polo que restase.
- 4) Os postos de traballo vacantes recollidos na RPT que se cubran de forma regulamentaria cobrarán dende a súa cobertura o total das retribucións establecidas na RPT.

4.- FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2011.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre os festivos locais para o ano 2011.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. – Fixar coma días festivos locais para o ano 2010 os seguintes:

- O 8 de marzo de 2011, martes de Carnaval.
- O 10 de agosto de 2010, mércores, festividade de San Lourenzo.

Segundo. – Dar traslado do presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

5.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2010.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2010.

O portavoz do PP lle di ao Sr. Alcalde que ven que continuamente se están traendo recoñecementos extraxudiciais e se vota a culpa a que non chegaron a tempo as facturas e resulta que no expediente se pode comprobar que chegaron antes de finais de ano. Ademais, por parte de intervención se está informando negativamente. O PP non vai permitir mais esas cousas, por conseguinte vai votar en contra.

O portavoz do BNG manifesta que están diante de un novo recoñecemento extraxudicial de créditos e, polo tanto, diante de unha xestión dos cartos públicos irresponsable, xa que non se fai unha aprobación previa dos gastos, realízanse gastos sen consignación orzamentaria, hai tramitacións defectuosas e existe un retraso inxustificable na conformidade das facturas porque as áreas de goberno correspondentes non funcionan;



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

estamos ano tras ano con isto. Polo que o BNG non vai consentir mais isto, e o único responsable é o Equipo de Goberno . E dirixíndose ao PSOE lles di que non gasten onde non hai cartos. Para finalizar a súa intervención lle di ao Sr. Alcalde que lle gustaría que trouxeran os orzamentos e que o seu grupo vai votar en contra.

Lles contesta o Sr. Alcalde que son facturas conformadas e que os empresarios non van a poder cobrar. Respecto aos orzamentos, manifesta que se trouxeron dúas veces e non os aprobaron. Exemplifica que Sogama subiu as tarifas e o que había de anos anteriores non chegou; o colexio de Nois houbo que arranxalo, non se ía deixar así. Insiste en que se está deixando de pagar a empresarios que non teñen ningunha culpa, nin tampouco a ten o Equipo de Goberno. Explica que non hai orzamento, pero hai remanente; se trata de facturas responsables; o 80% desas facturas son a causa de que non se aprobaran os orzamentos, se non se aproban despois quedarán fora de contabilidade.

O portavoz do PP pregunta por que se traen esas facturas se xa o 25 de marzo se aprobaron outras.

O Sr. Alcalde lle contesta que porque estaban sen conformar.

O portavoz do PP di que, por exemplo, hai unha de un proxecto, pregunta porque habendo no Concello un arquitecto e un aparelador non fan os proxectos e ten que pagar o Concello por eles, que fan entón, por que se paga o proxecto do moliño.

O Sr. Alcalde respóndelle que porque os técnicos non dan feito. Recalca que o pensen ben porque hai facturas que non van a poder pagar.

O Sr. Fernández Manín manifesta que lle gustaría comprobar por que COMFICA fixo unha obra do Plan E e agora volven a vir facturas outra vez.

O Sr. Alcalde propón que se faga unha Comisión extraordinaria e que se miren unha por unha as facturas, quedando o asunto enriba da mesa.

O Sr. Fernández Manín di que tamén se pode votar que non e despois se trae unha por unha.

Intervén o Sr. González Basanta para dicir que o seu grupo ve que non se pode seguir con esta política, o Equipo de Goberno está recoñecendo esa responsabilidade, e por parte do BNG non se lle vai a dar mais crédito. Recalca que non saben cales son os orzamentos e que non hai control.

O Sr. Alcalde lle contesta que todas as facturas as poden comprobar unha por unha e miralas co técnico.

Replica o Sr. González Basanta que non se pode estar tirando do remanente.

Lle contesta o Sr. Alcalde que outros Concellos tiran de crédito, non se pode tirar unha factura inxusta

Rematado o debate se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Non resultando aprobado o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 04/2010 por importe de **104.724,45 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 26 de 2010 incluídas neste expediente que comezan pola factura de CONSTRUCCIONES CARFERLO SL por importe de 8.458,72 euros e rematan pola de BAHÍA SL. por importe de 61,41 euros, constando de 3 páxinas, e un importe total de 104.724,45 euros.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 unha vez aprobado definitivamente o expediente 21/2010 de modificación do mesmo, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.

6.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21/2010.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a modificación de crédito 21/2010.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 21 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de setenta e cinco mil trescentos setenta e seis euros e cincuenta e catro céntimos (75.376,54 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:

MODIFICACIÓN NÚMERO 21 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2010.

SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
422.212	Educación. Reparación e conservación de edificios e outras instalacións	12.664,26	6.987,84	19.652,10
432.213	Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións	102.256,03	9.906,55	112.162,58
442.22711	Recollida de lixo e limpeza viaria. Tratamento de lixo	277.270,44	16.503,70	293.774,14
442.62300	Recollida de lixo e limpeza viaria. Reelectrificación punto limpo	0,00	3.592,44	3.592,44
511.210	Vías públicas. Reparación e conservación	173.488,21	6.774,40	180.262,61



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

511.60106	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	0,00	23.152,89	23.152,89
511.60110	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	105.429,22	8.458,72	113.887,94
Total expediente de modificación de créditos 21/2010				75.376,54

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	113.025,00	26.745,33	139.770,33
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	259.758,85	48.631,21	308.390,06
Total financiamento expediente de modificación de créditos 21/2010				75.376,54

Segundo. - O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

7.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 22/2010.-

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a modificación de crédito 22/2010.

En primeiro lugar, toma a palabra o portavoz do PP para expresar que, dado que a empresa que estaba non pode seguir realizando o contrato por entrar en suspensión de pagos e hai que seguir coas altas, o seu grupo vai a votar a favor.

Lle contesta o Sr. Alcalde que a xestión económica do Equipo de Goberno é impecable; cando acabe o mandato no vai quedar ningunha factura no caixón, salvo estas ás que acaban de votar en contra; manifesta que lle parece increíble o que está vendo, que vaian a quedar empresas sen cobrar por irresponsabilidade da oposición.

Toma a palabra o portavoz do BNG que anuncia que o seu grupo vai votar en contra porque é vergoñoso que se teña que contratar unha empresa para facer o que ten que facer o Catastro, de debe denunciar esta situación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle replica que votou a todo que non e lle augura que van quedar con un concelleiro; di que o CIM o puxeron en Burela co seu voto.

O portavoz do BNG contesta que ese non é o tema, que está cargado de demagogia e que nunca se preocupou de nada porque tamén Foz podería ter un centro de día.

O Sr. Alcalde pregunta se non se lle puxeron a disposición a Quintana o terreos.

Replica o Sr. González Basanta que a última hora.

O Sr. Alcalde di que nada de eso, e tamén os ten o PP agora.

Insiste o Sr. González Basanta que cando.

E o Sr. Alcalde contéstalle que xa lle dará datas.

O Sr. González Basanta recorda que estaba falando el.

O Sr. Alcalde dille que non, que remata el, que xa tivo o turno de réplica.

O portavoz do BNG lle pregunta se iso é o democrático que é.

O Sr. Alcalde lle contesta que non, que xa falou.

Dado por finalizado o debate polo Sr. Alcalde, se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 22 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de sesenta mil euros (60.000,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:

MODIFICACIÓN NÚMERO 22 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2010.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
611.22703	Administración Financeira. Traballos realizados por outras empresas	10.000,00	60.000,00	70.000,00
Total expediente de modificación de créditos 22/2010				60.000,00

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
----------	--------------	----------------	--------------	------------



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	308.390,06	60.000,00	368.390,06
Total financiamento expediente de modificación de créditos 22/2010				60.000,00

Segundo. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

8.- MODIFICACIÓN DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a modificación da taxa do servizo de axuda no fogar.

Intervén, en primeiro lugar o portavoz do PP, que anuncia que van manter a mesma postura que tiveron na Comisión Informativa e aínda que non están os tempos para facer subas o servizo non debe supoñer un custo para o Concello. Di que o voto do seu grupo vai ser a favor e pide que se atendan todos os casos que haxa e que se cumpra o horario.

Toma a palabra o portavoz do BNG que manifesta que se pode enlazar o tema coa xestión anterior.

O Sr. Alcalde lle di que seguro que vai votar que non.

O Sr. González Basanta lle replica que xa lle está interrumpindo e lle di que non é moi intelixente dicir iso poruqe xa na Comisión Informativa votaron que non e votarán sempre que non.

O Sr. Alcalde contéstalle que xa o di el mesmo que votaron sempre que non.

Continúa o Sr. González Basanta argumentando que a suba supón case o 50% e se pregunta que como que non é tanto. Di que a cuestión de fondo é que un servizo público coma é servizos sociais se deixa en mans privadas. Calquera suba do 50% en calquera cousa é moitísimo; a maiores o Goberno de Zapatero acaba de conxelar as pensións e quizais moita desta xente é pensionista. Pregunta que xustificación ten iso.

Contéstalle o Sr. Alcalde que el si que é demagóxico. O BNG na Xunta si que privatizou todo, montou chiringuitos. Di que o Sr. González Basanta é o rei do “no” e o sabe todo o mundo en Foz; non constrúe nada, destrúe. O que quere o Concello é que as familias estean ben atendidas, non se pretende privatizar nada, pero se é a través de unha empresa como se pode dar un bo servizo pois se contrata; o servizo de axuda a domicilio é público. Dirixíndose ao portavoz do BNG expresa que só sabe dicir que non a todo porque non estudia os asuntos. A



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

subida pode supoñer catro euros a unha familia que vai a ter un bo servizo, entón a subida non vai a ter moita importancia, por iso imos votar a favor.

O portavoz do BNG expresa que non ten por que ser o mellor servizo, o que fai unha empresa privada o pode facer o sector público, iso é unha idea da dereita mais reaccionaria; se hai un control do servizo non ten porque ser peor, lle pide ao Sr. Alcalde que non faga demagogia. Hai Concellos coma Riotorto que o servizo é gratuito. Di que ao final o que fai o Sr. Alcalde é entregar un servizo público.

Contéstalle o Sr. Alcalde que para el, aínda que a suba fose de un cuarto de euro, ía dicir que non. Di que o BNG é o maior privatizador, montando chiringuitos e despois houbo que pechar todo e agora está a xente na rúa. Lle pregunta por que non mira coma está o servizo no Concello de Pontevedra.

Finalizado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, quedando redactada a devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 4º. Contía

A contía do servizo estará determinada por:

- a) Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a **11,88 euros/hora**.
- b) Capacidade económica das persoas usuarias do servizo tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.

En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo coa seguinte escala conformada segundo os requisitos do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia:

INGRESOS IPREM	COPAGO USUARIO
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 150% e o 200%	15%
Entre o 200% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	30%
Entre o 350% e o 400%	40%
Entre o 400% e o 500%	60%
Máis do 500%	65%

Excepcionalmente en casos de desestruturación familiar e risco de exclusión social, de acordo coa valoración e proposta do traballador social mediante resolución motivada do órgano competente, poderase acordar a redución ou exención de pagamento.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerárase definitivo e procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da Ordenanza, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

9.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SISTEMA GALEGO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a moción do BNG en defensa do sistema galego público de servizos sociais.

O portavoz do PP di que xa existen os acordos nos que se chegou cos sindicatos, lle recrimina ao BNG que deixaran sen consignación nos orzamentos a esas oficinas; agora se está aplicando a lei que fixo o bipartito. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

O portavoz do BNG explica que o consorcio estaba cofinanciado cos Concellos e a Xunta e o que están facendo dende o PP dende que chegaron á Xunta é desmantelar iso e poñéndoo nas mans privadas.

Contéstalle o Sr. Fernández Manín que o PP está desenvolvendo a lei que o BNG mesmo plantexou e aprobou.

Finalizado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galiza, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público, xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; na que se recoñece o dereito aos servizos sociais como un dereito das persoas, do conxunto da poboación; e que obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as partidas necesarias para o seu financiamento.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza que concreto o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

1.- Implantación da Tarxeta Social Galega, de carácter persoal que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais. Posta en marcha do Expediente social básico único para axilizar a xestión no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e do Mapa galego de servizos sociais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2.- Posta en marcha do Catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións.

3.- Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galiza, de xeito que garanta ás persoas en situación ou risco de exclusión social o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a un mínimo vital en función das características do núcleo de convivencia e o dereito a unha oportunidade real de inclusión socio-laboral. E elaboración da lei Galega de inclusión social.

4.- Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos que incidan nas situacións de exclusión e desigualdade social.

5.- Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de centros de día.

6.- Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a moción do BNG sobre a retirada do canon da auga recollido no proxecto de lei de Augas de Galicia.

Intervén o portavoz do PP para dicir que ven que están pedindo que se retire o borrador, parece que para o BNG non hai nada do que fai o PP que estea ben, por iso non se van a opoñer ao borrador e se van a abster.

O portavoz do BNG aclara que é un proxecto, non un borrador.

Finalizado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.
- b) Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.
- c) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.
- d) Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- e) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga.

11.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO DAS AXUDAS AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a moción do BNG sobre o mantemento das axudas aos centros de información ás mulleres.

O portavoz do BNG manifesta que ten unha enmenda porque a situación dende que se presentou a moción variou.

Tamén o Sr. Alcalde manifesta que ten outra enmenda ao ditame da Comisión Informativa.

Estando todos de acordo en introducir as enmendas no asunto a tratar, se procede á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar da Xunta de Galiza un marco estáble de financiamento do Centros de Información ás Mulleres, co concurso dos concellos e das traballadoras dos mesmos, que abranguerá o compromiso de garantir o seu funcionamento e a realización de actividades baixo os seguintes criterios:

- Garantirá o financiamento plurianual destes centros e unha dotación non inferior á recibida en exercicios económicos anteriores.
- Os concellos coñecerán no primeiro trimestre do ano que vai a aportar a Xunta de Galiza para o financiamento dos CIM's.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a rectificar a Resolución de 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o apoio aos Centros de Información ás Mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010; e a concertar en colaboración cos concellos unha rede que garanta o servizo dos CIM's e que consolide o seu funcionamento cara o futuro.

12.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ALEGACIÓNS ÁS DIRECTRICES DO TERRITORIO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa do PXOM en sesión celebrada o 22 de xullo de 2010, sobre a moción do BNG sobre alegacións ás directrices do territorio.

Toma apalabra o Sr. Alcalde para dar lectura a unha carta que lle remitiu ao Conselleiro e ao Director Xeral de Sostibilidade e Paisaxe o 28 de xullo de 2010, que se transcribe a continuación:

“D. José María García Rivera diríxese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, e, concretamente, ao Conselleiro D. Agustín Hernández Fernández de Rojas e ao Director Xeral de Sostibilidade e Paisaxe D. Manuel Borobio Sánchez, para manifestarlles que o Concello de Foz mantivo diversas reunións nesa Consellería representado o noso



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Concello polo seu Alcalde, Portavoces Municipais dos distintos Partidos Políticos e os Técnicos Municipais, a maiores se remitiu unha proposta clara e concisa para que no POL se tiveran en conta, entre outras peticións, o mantemento dos nosos núcleos rurais tal e coma están delimitados e dos cales se fan neste escrito un relatorio:

O Concello de Foz ao abeiro das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de 29 de decembro de 1989 (DOGA 18 de xaneiro de 1990), e en concreto conforme ao establecido no artigo 2.3.4 en concordancia co recollido no artigo 42 da Lei do Solo de Galicia do ano 1985 en relación ao procedemento, tramitou ante a Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo a autorización de identificación dos Núcleos Rurais de "A Ermida", "Caritel", "Ver-Ferreiravella", "Trasmonte", "Vilatuixe", "Chao-Folgosa", "San Acisclo" e "Cordido", os cales foron aprobados pola referida Comisión Provincial o 6 de febreiro de 1991 e posteriormente os núcleos rurais de "Villaronte", "Corredoira", "Forxán", "Fazouro", "Nois" e "Cangas", que foron aprobados pola Comisión Provincial con data 8 de maio do mesmo ano.

*Polo que se desprende, conforme a citada Disposición transitoria primeira e) da LOUGA cando se refire **"Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo de Galicia,** ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento" **que o Concello de Foz a día da data ten delimitados os núcleos rurais de "A Ermida", "Caritel", "Ver-Ferreiravella", "Trasmonte", "Vilatuixe", "Chao-Folgosa", "San Acisclo", "Cordido", "Villaronte", "Corredoira", "Forxán", "Fazouro", "Nois" e "Cangas" conforme ás NCSP de 1989 adaptadas á Lei 11/1985, de adaptación da do solo de Galicia.***

Como consecuencia, ditas delimitacións desplazaron ao recollido nas normas nese solo, ao tratarse de normativa posterior aprobada de acordo co procedemento establecido naquel momento. Asemade ditas delimitacións seguen en vigor xa que non foron obxecto de recurso algún nin sometidas a precedemento de revisión de oficio, tal e como se sinala no informe emitido polo Vicesecretario Xeral da Deputación de Lugo do Gabinete de asesoramento e Asistencia ás Corporacións Locais, con data 13 de xullo de 2009, tras consulta formulada polo Concello para esclarecer dita cuestión.

Por todo o exposto, a nosa preocupación e a de unha gran maioría dos veciños de Foz afectados por estes núcleos, é que Vds respeten e reflicten no documento do POL os nosos núcleos tal e coma foron aprobados pola Comisión Provincial de Urbanismo o 6 de febreiro de 1991 e o 8 de maio do mesmo ano e coma así se había consensuado nesa Consellería nas reunións anteriormente referidas".

A continuación se acorda por tódolos presentes engadir ao ditamen da Comisión Informativa os núcleos Forxán-San Martiño e Corredoira-Foz.

Non habendo debate se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Que o Concello de Foz, unha vez tratado o asunto na Comisión de Urbanismo, faga as alegacións pertinentes para que Foz sexa considerado cabeceira do sistema urbano intermedio e para que Cangas, Nois, Fazouro, Forxán-San Martiño, Corredoira-Foz e Vilaronte sexan considerados núcleos de identidade do litoral dentro das Directrices de Ordenación do Territorio que a Xunta quere aprobar.

Segundo.- Solicitar dos redactores do PXOM un informe técnico sobre as repercusións que terán as directrices de Ordenación do Territorio sobre o Concello de Foz e o seu Plan Xeral.

Terceiro.- Esixir da Consellería de Medio Ambiente, Teritorio e Infraestructuras que rectifique e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

que cumpra coa súa palabra –dada aos representantes políticos, os técnicos do Concello e aos redactores do Plan Xeral- de recoñecer os núcleos de identidade do litoral arriba sinalados nas Directrices de Ordenación do Territorio así como no POL:

13.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS.-

Pola Presidencia dáse conta do expediente de estado de execución dos orzamentos e que estivo a disposición dos membros do Pleno dende a convocatoria deste, quedando enterados os Sres. Concelleiros.

14.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 15 DE XUÑO DE 2010 AO 23 DE XULLO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 15 de xuño ao 23 de xullo de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O portavoz do PP presenta a seguinte moción de urxencia:

“MOCIÓN

Que se basea nesta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na nosa provincia a situación de Correos ven sufrindo un deterioro progresivo e sistemático, debido ós problemas derivados da redución de persoal nos últimos meses así como por outras graves deficiencias como a eliminación da xefatura provincial de correos, o traslado á Coruña do departamento de recursos Humanos, o peche de oficinas en distintos concellos da provincia, etc...

A todo isto súmase o anteproxecto da nova Lei Postal, que está causando unha grande incertidume tanto entre os traballadores da empresa pública Correos así como entre os cidadáns.

Segundo os sindicatos a aplicación desta lei suporá a diminución das inversións en Correos, a redución d epostos de traballo e unha merma na calidade da prestación deste servizo público. Asimesmo o Consello Económico e Social amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a nova lei implique unha diminución na calidade do servizo postal nas zonas rurais.

Polo indicado, é polo que se solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- *O Pleno da Corporación municipal insta á ogero central a rematar coa progresiva redución de servizos que a empresa pública Correos está levando a cabo na provincia de Lugo.*

Segundo.- *O Pleno da Corporación municipal insta á goberno central a garantir o perfecto funcionamento do servizo público de Correos na provincia de Lugo, comprometéndose a non reduci-la calidade da prestación do seu servizo e a conservar os postos de traballo”.*



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Se procede, en primeiro lugar, á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

A continuación, o portavoz do PP explica a moción.

Non habendo intervencións, se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno da Corporación municipal insta á ogoerno central a rematar coa progresiva redución de servizos que a empresa pública Correos está levando a cabo na provincia de Lugo.

Segundo.- O Pleno da Corporación municipal insta á goberno central a garantir o perfecto funcionamento do servizo público de Correos na provincia de Lugo, comprometéndose a non reduci-la calidade da prestación do seu servizo e a conservar os postos de traballo

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza os seguintes rogos:

1) Se podía arranxar o problema da rampa no Grupo La Paz, na rúa Segundo Vázquez.

O Sr. Alcalde manifesta que se está en iso e que non existe a rúa isa, que se chama Salvador de Madariaga.

2) Que se roce o camiño que está ao lado do campo de fútbol e a ver se se poden suprimir os sumidoiros que están alí.

Contéstalle o Sr. Alcalde que hai que mirar iso.

3) Que se controlen os traballos de roza que se están facendo nas estradas, porque se hai unha sinal ou unha árbore xa non rozan.

O Sr. Alcalde di que igual se trata dun caso puntual, pero o Concello está ben rozado.

O portavoz do PP replica que hai sitios que non.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

1) Darlle solución a unha ruina que hai en Jesús de Nazareno.

O Sr. Alcalde di que xa está falado co dono.

2) Que se faga unha regulación das motos acuáticas na ría.

O Sr. Alcalde respóndelle que a competencia é da Guardia Civil.

3) Que se rocen as áreas recreativas.

O Sr. Alcalde lle pide que diga que área recreativa está así.

O portavoz do BNG contéstalle que a que ven hoxe no periódico.

O Sr. Alcalde di que iso é un exemplo pobre.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

PREGUNTAS:

Non se realizan preguntas.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:00 horas do día vintenove de xullo de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº

O Alcalde.-Asdo. José María García Rivera.

